

## DECLARACIÓN DE COMPROMISOS E ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓNS DO TELETRABALLO

### DECLARO QUE:

1. Coñezo e acepto as condicións para o teletraballo establecidas no Acordo de Teletraballo do Concello de Santiago.
2. Se cumpren á data da solicitude ou á data da autorización, os requisitos habilitantes aos que se refire o apartado 4.1 do Acordo.
3. Posúo na data da solicitude, ou na data na que teña que realizarse a conexión informática, a conexión a internet adecuada para teletraballar.
4. Estou informado sobre os riscos para a miña seguridade e saúde asociados ao teletraballo, leín o documento do Anexo II da solicitude e me comprometo a seguir as recomendacións en materia de prevención de riscos laborais facilitadas polo concello e recollidas no Anexo II.
5. Completei e achego o cuestionario de recollida de información sobre as condicións do posto en réxime de teletraballo (Anexo III da solicitude).
6. Coñezo e asumo a aplicación de todas as medidas necesarias para garantir a seguridade e a protección de datos persoais. Estará neste senso sometido ás mesmas normas que para a utilización de equipos informáticos no meu posto de traballo.
7. Dispoño de todo o equipamento informático necesario e unha conexión a internet con suficiente capacidade.
8. Coñezo as seguintes condicións: non realizar actuacións en remoto ata que o servizo de Informática teña verificado e, de ser o caso, actualizado o equipo informático. Neste senso, se habilita ao servizo de Informática para o acceso remoto a este equipo, a súa configuración e a instalación de programas. Acepto ademais os requirimentos técnicos que se establezan. O Concello non se responsabiliza de calquera incidencia ou perda de información nos equipos informáticos propiedade do usuario derivadas destas actuacións, e non asume o seu mantemento xeral.